

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE AGOSTO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do día 21 de agosto de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 17 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Carlos López Font
D. David Regades Fernández (asiste ao punto 1a)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira (asiste aos puntos 1a e 1d)
- Vocais:** D. Pablo Olmos Pita
D^a. Margarita Parajó Calvo (asiste ao punto 1a)
D. Alberto Escariz Couso
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Rubén Peña Barceló (asiste aos puntos 7a, 8a, 9a, 10a e 11a)
D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 3a)
D. Francisco Gutiérrez Orúe (asiste ao punto 1c)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 26 de xullo de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 26 de xullo de 2017 cos votos de D. David Regades Fernández, D^a. Margarita Parajó Calvo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela

b) Acta da sesión do 7 de agosto de 2017

No se aproba por falta de quórum.

c) Acta da sesión do 9 de agosto de 2017

Apróbase a acta da sesión do 9 de agosto de 2017 cos votos de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D^a. Dolores Hernández Vidal e D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe.

d) Acta da sesión do 14 de agosto de 2017

Apróbase a acta da sesión do 14 de agosto de 2017 cos votos de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D. Pablo Olmos Pita, D^a. Dolores Hernández Vidal e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.
 2. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
 3. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (ORESA, S.L.)
 4. ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.
 5. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U
 6. ORECO, S.A.
 7. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
 8. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
 9. LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.
 10. COPCISA, S.A.
 11. UTE DRAGADOS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L. (participación na UTE do 85%-15%, respectivamente)
 12. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
 13. CIVIS GLOBAL, S.L.
 14. AVAN INTEGRAL, S.L.
 15. HIDROMIÑO, S.L.
 16. C. D. INDEPO, S.L.
 17. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)
 18. NAROM, S.L.
 19. MISTURAS, S.A.
 20. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
 21. EXTRACO, S.A.
 22. UTE PRACE, OBRAS Y SERVICIOS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (COPSESA) (participación na UTE ao 50%)*
 23. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
 24. HORDESCON, S.L.
 25. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
 26. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 27. UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.

* Na documentación presentada pola UTE PRACE, OBRAS Y SERVICIOS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (COPSESA) achégase unha declaración responsable de cada unha das dúas empresas. Concretamente, na declaración de PRACE, OBRAS Y SERVICIOS, S.A. consta que a mercantil “*no tiene la clasificación exigida en el pliego de cláusulas administrativas*”. Como non declara posuír un mínimo de solvencia, realízanse as comprobacións oportunas no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, onde consta que a referida empresa está clasificada).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 14:57	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4F-E9E24D-38EE5D-7GTPVE-26YXNH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Consta na documentación presentada que CIVIS GLOBAL, S.L., AVAN INTEGRAL, S.L., HIDROMIÑO, S.L. e C. D. INDEPO, S.L. forman parte do mesmo grupo de empresas.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L. e EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. achegan un único exemplar da documentación (ambas as dúas en formato dixital) polo que se realiza unha copia polo Servizo de Contratación. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. achega un exemplar en papel e outro en formato dixital.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina (Castrelos) (15.922-333)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 14 de xullo de 2017, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. DEGALLE CONSTRUCCIONES, S.A.
2. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)

Durante o prazo concedido, presentou documentación DEGALLE CONSTRUCCIONES, S.A., da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 11 de agosto de 2017 o arquitecto municipal emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe “non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas:

1. DEGALLE CONSTRUCCIONES, S.A.
2. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 14:57	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4F-E9E24D-38EE5D-7GTPVE-26YXNH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina (Castrelos) (15.922-333) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 17 de agosto de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación, e na propia sesión, o informe que rectifica o anterior de data 21 de agosto de 2017.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina (Castrelos) (15.922-333)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 21 de agosto de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina (Castrelos) (15.922-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo arquitecto municipal o 11 de agosto de 2017:

1. DEGALLE CONSTRUCCIONES, S.A.
2. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina (Castrelos) (15.922-333) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 14:57	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4F-E9E24D-38EE5D-7GTPVE-26YXNH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitadores	Puntuación
1	GPD CONSTRUCCIONES, S.A.	96,55
2	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	95,49
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	87,11
4	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	82,48
5	EXCAVACIONES ROALTRANS, S.L.	68,09
6	ORECO, S.A	61,09
7	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	46,58
8	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	38,39

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.076,34 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral



da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de xullo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	TOTAL
1	ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U.	100,00
2	BIOMED, S.A.	48,43
3	ANEK 53, S.L. PROYECTO SALVAVIDAS	25,47
4	CARYOSA HIGIENIC SOLUTIONS, S.L.	15,61

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACION DE EMERGENCIAS. S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., o día 4 de agosto de 2017, que presenta a documentación requirida o 14 de agosto, dentro do prazo concedido.



Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de agosto de 2017 revisou a documentación presentada. Fíxoseh constar que a empresa non constituíu a garantía definitiva esixida, senón que solicitou a súa retención no prezo do contrato (na primeira factura) ao abeiro do previsto no artigo 96.2 do TRLCSP. Sendo a documentación correcta, a Mesa acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 11 de xullo de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Adxudicar a ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 26.822,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.655,14 euros.*
 - b) *Propón unha ampliación do prazo de garantía de 72 meses (total 96 meses).*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 14:57	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4F-E9E24D-38EE5D-7GTPVE-26YXNH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. *Iniciar os trámites pertinentes para devolver á citada empresa o importe abonado a maiores en concepto de gastos de publicidade (343,24 euros).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 14:57	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AH4F-E9E24D-38EE5D-7GTPVE-26YXNH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		